



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Enfermería clínica III

Materia	Enfermería clínica III			
Código	O51G140V01301			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Ourense)			
Coordinador/a	Fernández Conde, Ana			
Profesorado	Fernández Conde, Ana Vale Iglesias, Maria Florentina			
Correo-e	malofe@yahoo.es			
Web				
Descrición xeral	Abordaxe desde unha prespectiva enfermeira das alteracións de saúde en diferentes situacións, capacitando ás/os futuros/as enfermeiras/ no manexo do Proceso Enfermeiro.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostran posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B7	Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, cómo individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto as súas opinións, creencias e valores, ademais de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional
B8	Promover e respetar o dereito de participación, información, autonomía e consentimento informado na toma de decisións das persoas atendidas, acorde coa forma en que viven o seu proceso de saúde-enfermedade
C28	Coñecer as alteracións de saúde do adulto, identificando as manifestacións que aparecen nas súas distintas fases.
C29	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
C30	Analizar os datos recollidos na valoración, priorizar os problemas do paciente adulto, establecer e executar o plan de coidados e realizar a súa avaliación.
C31	Realizar as técnicas e procedementos de coidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.
C32	Seleccionar as intervencións encamiñadas a tratar ou previr os problemas derivados das desviacións de saúde.
C33	Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade de xestión da información
D4	Resolución de problemas e toma de decisións
D5	Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe
D6	Habilidades nas relacións interpersonais
D7	Razoamento crítico
D8	Aprendizaxe autónomo
D9	Adaptación a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor. Creatividade.

D10 Motivación pola calidade

D11 Sensibilidade hacia temas medioambientais

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Ser capaz de planificar e prestar coidados nas principais enfermidades sistémicas.	A2 A3 A4	B8	C28 C29 C30 C31 C32	D1 D2 D3 D4 D5 D7 D10
Ser capaz de prestar asistencia centrada no paciente, utilizando os diagnósticos de enfermaría e as actividades derivadas deles, nas patoloxías estudadas.	A2 A4	B7 B8	C28 C31 C32	D2 D5 D6 D8 D9 D10 D11
Saber aplicar os coidados necesarios para a atención á persoa paciente crítico.	A1 A2 A3	B7	C28 C29 C31 C32 C33	D1 D4 D5 D7
Saber aplicar os procesos de Enfermaría de urxencias e emerxencias.	A2 A3 A5	B7 B8	C28 C31 C32 C33	D2 D5 D9

### Contidos

Tema	
O/a paciente con alteracións na eliminación urinaria.	Incontinencia e retención urinaria Infeccións urinarias Urolitiase Alteracións da próstata Síndromes renais e glomerulonefrite Insuficiencia renal Tumores das vías urinarias Valoración das probas de función renal Hidronefrose HTA Insuficiencia renal aguda e crónica Diálise Transplante renal
O/a paciente con alteracións na regulación endocrina.	Alteracións da hipófise e do hipotálmo Alteracións tiroideas Alteracións paratiroideas Alteracións suprarrenais Diabetes Obesidade Hiperlipidemias Alteracións do metabolismo do ácido úrico
Enfermaría de urxencias e emerxencias.	Concepto e diferenzas de Urxencias, Emerxencias e Catástrofes. Urxencias extrahospitalarias. A cadea asistencial. Estrutura e dinámica básica dun Servizo de Urxencias. Valoración e clasificación dos pacientes nun Servizo de Urxencias. Soporte Vital Básico e Avanzado. Cadea de supervivencia. Algoritmos de actuación.
Atención ao paciente crítico.	Unidade de vixancia intensiva. Estrutura e dinámica básicas. Monitorización e coidados hemodinámicos. Monitorización e coidados respiratorios. Monitorización e coidados neurolóxicos. Fármacos de uso frecuente na área de críticos.

### Planificación

Horas na aula

Horas fóra da aula

Horas totais

Lección maxistral	35	0	35
Estudo de casos	1	23	24
Seminario	10	40	50
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	37	41

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Sesións expositivas As clases teóricas serán de tipo participativo para favorecer a discusión e a comprensión do tema tratado. Exporanse contidos da materia empregando programas de presentacións. Farase lectura de documentos científicos de interese e/ou casos clínicos.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Seminario	Actividades levadas a cabo de maneira explicativa e práctica sobre un tema concreto da materia que permite complementala de maneira máis profunda. Participación e implicación do alumno para demostrar as súas habilidades técnicas. Traballos individuais e grupais. Asistencia obrigatoria ao 90% dos seminarios

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Actividades levadas a cabo de maneira explicativa e práctica sobre un tema concreto da materia que permite complementala de maneira máis profunda. Participación e implicación do alumno para demostrar as súas habilidades técnicas. Traballos individuais e grupais. Asistencia obrigatoria ao 90% dos seminarios
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Estudo de casos	Valorarase a resolución de casos prácticos e análises de situacións, expostos nos seminarios.	10	A3 A5	C29 C30	D1 D2 D3 D4 D7
Seminario	Avaliación continua da participación, habilidades e destrezas do alumnado nas prácticas realizadas nos seminarios ao longo do cuadrimestre. Asistencia obrigatoria polo menos ao 90% do total das horas. De non tela a avaliación realizarase como na modalidade non presencial. Na modalidade presencial a avaliación realizarase cunha proba de resposta curta ou tipo test. No exame indícase se as respostas incorrectas restan e en qué porcentaxe. Na modalidade non presencial a cualificación calcularase facendo media entre a nota da proba de pregunta curta/test (realizada a os alumnos de modalidade presencial) e unha proba de pregunta longa sobre os contidos vistos nos seminarios. Nota de corte 5 sobre 10. Realizarase o día asignado no calendario oficial de exames. Para a nota final é imprescindible aprobar cada unha das partes. A data do exame na primeira edición publicarase na páxina web da escola en no taboleiro de anuncios.	30	A1 A2 A3 A4	B7 B8 C30 C31 C32 C33	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D11
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame con preguntas de resposta curta/test. Pode haber varias opcións de exame (con distintas preguntas pero co mesmo grao de dificultade). Nota de corte 5 sobre 10. Realizarase o día asignado no calendario oficial de exames. Para a nota final é imprescindible aprobar cada unha das partes. A data do exame na primeira edición publicarase na páxina web da escola en no taboleiro de anuncios.	60	A1	C28 C29 C30	D7

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Para aprobar a materia será imprescindible aprobar cada parte por separado.

Para recuperar calquera das partes farase en 2ª edición, cun exame escrito das mesmas características que o da 1ª edición. A data do exame na 2ª edición publicarase na páxina web da escola en no taboleiro de anuncios.

Nota de corte 5 sobre 10

EVALUACION DA MODALIDADE NON PRESENCIAL DOS SEMINARIOS: Poderanse acoller a esta modalidade os alumnos que non poidan asistir aos mesmos, e solicítieno por escrito antes do 05/10/2020, e debidamente xustificado.

Deberán realizar:

- Proba de resposta curta/test igual que na modalidade presencial. Nota de corte 5 sobre 10.
- Proba de resposta longa, de desenvolvemento. Nota de corte 5 sobre 10, (fará media coa nota da proba de resposta curta).
- Traballo sobre un tema relacionado coa la materia impartida nos seminarios a concretar coa profesora encargada da asignatura. Nota de corte 5 sobre 10.
- A nota de seminarios será a media da proba tipo test, a proba de resposta longa e o traballo. Suporá, igual que na modalidade presencial un 30% da nota total.

Para aprobar, será necesario superar as tres partes: proba de resposta curta, proba de resposta longa e traballo. Nota de corte 5 sobre 10.

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA: Proba de resposta curta/test sobre toda a materia impartida, tanto nas sesións maxistras como nos seminarios. Nota de corte 5 sobre 10.

A data do exame de fin de carreira publicarase na páxina web da escola en no taboleiro de anuncios.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

NANDA International, **NANDA Internacional, Inc. Diagnósticos enfermeros. Definiciones y clasificación 2018-2020**, 11ª, ELSEVIER, 2019

Sue Moorhead, PhD, RN, Marion Johnson, PhD, RN, Meridean L. Maas, **Clasificación completa de resultados de enfermería NOC 2018**, 6ª, ELSEVIER, 2018

Gloria M. Bulechek, PhD, RN, FAAN, Howard K. Butcher, PhD, RN, PMHCNS-BC, Joanne M. Dochterman and C, **Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC)**, 7ª, ELSEVIER, 2018

CUIDEN,

PUBMED,

Nanda Internacional, **NNNconsult**,

**INDEX DE ENFERMERÍA,**

**REVISTA ENFERMERÍA CLÍNICA,**

**ENFERMERÍA GLOBAL,**

**CIBER REVISTA,**

**ENFERMERÍA INTENSIVA,**

**CULTURA DE CUIDADOS,**

<http://www.enfermeriadeurgencias.com/>,

<http://www.semicyuc.org/>,

### Bibliografía Complementaria

Swearinger, **Manual de Enfermería Médico-quirúrgica**, 6ª, ELSEVIER, 2008

Harrison, **Principios de Medicina Interna**, 18ª, McGraw Hill, 2012

Farreras, **Principios de Medicina Interna**, 17, ELSEVIER, 2012

Brunner & Suddarth, **Enfermería médico-quirúrgica**, 12ª, Lippincott Williams & Wilkins, 2016

Esperanza Rayón, **Manual de Enfermería Médico- Quirúrgica: Patrones funcionales: cognitivo-percept**, 1ª, SÍNTESIS, 2002

SHEEHY, **Manual de Urgencia de Enfermería**, 6ª, ELSEVIER, 2006

Jiménez Murillo, L. / Montero Pérez, F.J., **Medicina de urgencias y emergencias**, 4ª, ELSEVIER, 2009

Terry, **Enfermería de cuidados intensivos**, 1ª, MANUAL MODERNO, 2012

Gómez Ferrero, O [et al.], **Manual de enfermería en cuidados intensivos : enfermería de cuidados médico-quirúrgicos.**, 2ª, MONSA PRAYMA, 2011

DIALNET,

**METAS DE ENFERMERÍA,**

**NURE INVESTIGACIÓN,**

## **ROL DE ENFERMERÍA,**

<http://seeiuc.org/>,

<http://www.cuidados-intensivos-sedar.es/>,

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Prácticas clínicas III/O51G140V01306

Prácticas clínicas IV/O51G140V01405

Prácticas clínicas V/O51G140V01406

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Prácticas clínicas II/O51G140V01303

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Fundamentos de enfermaría/O51G140V01107

Enfermaría clínica I/O51G140V01204

Enfermaría clínica II/O51G140V01205

Introdución á enfermaría clínica/O51G140V01201

Prácticas clínicas I/O51G140V01208

---

### **Plan de Continxencias**

#### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Manteranse as mesmas metodoloxías docentes en función da situación de presencialidade que se permita, usando como soporte as videoconferencias nos casos nos que nos podan estar presentes na aula todo o alumnado.

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías): realizaranse a través de Faitic, correo electrónico ou sala de profesores virtual do campus remoto según conveña.

Inda que os contidos non se modificarán, poderanse ver reducidos os temas a tratar nas clases maxistras, e utilizar outro tipo de metodoloxías (clases virtuais, vídeos, guías) se a situación obriga a que os seminarios presenciais sexan realizados cun número moi pequeno de alumnos.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Se a situación de excepcionalidade impide facer os exames de forma presencial éstos faranse a través da plataforma FAITIC. A avaliación realizarase cunha proba tipo test. Nesta proba inclúense preguntas sobre os contidos da parte teórica (nun 60%) e sobre a parte de seminarios (nun 30%). No exame indícase se restan as respostas incorrectas e en qué porcentaxe. O 10% restante da nota recaerá na realización de estudos de casos.